

DOCUMENTOS NECESARIOS PARA INICIAR EXPEDIENTE DE MATRIMONIO CIVIL

NOTA: DEBERÁN COMPARECER O DÍA DA CITA OS DOUS CONTRAENTES E AS TESTEMUÑAS, DEBENDO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONA.

OS DOUS CONTRAENTES (EN TODOS OS CASOS):

- 1. INSTANCIA** (*Descargar e cubrir a solicitude de matrimonio*).
- 2. DNI, PASAPORTE OU NIE en vigor.** Orixinal e fotocopia.
- 3. CERTIFICADO LITERAL DE NACEMENTO** expedido fai menos de un ano polo Rexistro Civil do lugar de nacemento. As persoas nacionalizadas deben aportar só o certificado de nacemento español.
- 4. ACREDITAR A CIDADE OU CIDADES ONDE SE RESIDIU OS DOUS ÚLTIMOS ANOS ANTERIORES AO MATRIMONIO,** acredítase co PADRON MUNICIPAL de todas as cidades onde se residiu neses dous anos (caduca aos tres meses desde que se expide), ou certificado do Consulado, se se residiu no estranxeiro, así como a necesidade ou non de publicación de Edictos.
Para o suposto excepcional de non estar empadroado, deberán acreditarlo cos seguintes documentos no que conste nome e dirección do contraente e período de residencia que se acredita: contratos de alugueiro con carta da arrendadora, carta da empresa para a que se traballa con selo da empresa, carta do presidente da comunidade e copia da acta onde se lle nomea presidente, carta da sucursal do banco onde se ten conta con selo do banco, recibos de enviar diñeiro, auga, luz, etc., do período de tempo que se quere acreditar.
- 5. DOUS TESTEMUÑAS CO SEU D.N.I. e fotocopia** (*deberán comparecer o día da cita*)
- 6. Fotocopia do libro de familia,** no caso de ter fillos en común.

ADEMAIS DEBERÁN APORTAR, SEGUNDO SEA O SEU CASO:

- a) PERSOAS CON NACIONALIDADE ESPAÑOLA:**
 - **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS:** Certificado literal do matrimonio anterior coa anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.

- **VIÚVOS/AS:** Certificado literal do matrimonio anterior e certificado literal de defunción do/a cónxuxe falecido/a.

b) PERSOAS EXTRANXEIRAS:

Certificado de capacidade matrimonial ou certificado de soltería, segundo o que estableza la lei do seu país. E ademais os:

- **DIVORCIADOS/AS OU ANULADOS:** Certificado literal do matrimonio anterior coa anotación marxinal do divorcio ou a nulidade.
- **VIÚVOS/AS:** Certificado literal do matrimonio anterior e certificado literal de defunción do/a cónxuxe falecido/a.

*Toda a documentación, sexa cal for, que estea en lingua estranxeira, debe ser acompañada por unha TRADUCCIÓN realizada por tradutor xurado.

*ADEMAIS, O ORIXINAL DA DOCUMENTACIÓN ESTRANXEIRA, ESTEA ESCRITO EN ESPAÑOL OU NOUTRO IDIOMA, DEBE SER DEBIDAMENTE LEGALIZADO (infórmese no seu Consulado ou no Ministerio de Asuntos Exteriores de España).

*O/a contraente que non fale español deberá comparecer sempre no Rexistro Civil con tradutor xurado

c) PERSOAS MENORES DE IDADE:

Deberán obter con carácter previo á presentación dos documentos polo matrimonio: ou ben a emancipación entre os 16 e os 18 anos (que deberá constar inscrita como nota á marxe da inscrición de nacemento) ou ben a dispensa de idade (a partir dos 14 anos).

d) PERSOAS ASILADAS OU REFUXIADAS:

Deberán achegar certificado da Dirección Xeral da Policía, do ACNUR ou da Cruz Vermella ou os organismos correspondentes (cos datos persoais do interesado) acreditativo de tal condición.

e) MATRIMONIO POR PODERES

Ademais, deberá achegar a seguinte documentación:

REXISTRO CIVIL DE PONTEVEDRA

Teléfono: 986 80 39 83 – 886 20 64 53

Correo electrónico: registrocivil.pontevedra@xustiza.gal

- Poder expedido a unha persoa residente en España debidamente legalizado e traducido, no seu caso, polo que se autoriza a instar o expediente e representalo no acto da celebración.
- Domicilio da Embaixada ou Consulado máis próximo á persoa que resida no estranxeiro.

IMPORTANTE:

- 1º. NON fixar data de celebración antes de finalizado o expediente.
- 2º. No Rexistro Civil de Pontevedra, celébranse vodas sempre en venres, podendo ser un ou dous ao mes.
- 3º. Deberán ter claro no momento de presentar a documentación o lugar onde van celebrar o matrimonio.

ONDE PRESENTALO:

No Rexistro Civil do domicilio (lugar de empadramento) dunha das persoas interesadas, previa cita que se solicitará en Xustiza.gal.

- **Trámite: "Expedientes matrimoniais"**. *Elixindo a opción de **"Matrimonio mixto"** no caso de que os/as cónxuxes sexan un/ha de nacionalidade española e outro/a estranxeira.